



IES Xesús Ferro Couselo. Departamento Bioloxía e Xeoloxía. Curso 2023/2024

2ºESO PROXECTO COMPETENCIAL

Distribución e temporalización dos contidos (Esta distribución poderá variar ao longo do curso):

1ª Avaliación:

Unidade didáctica	Contidos	Descrición
1	A natureza no Camiño de Santiago	Estudo das paisaxes naturais ao longo do Camiño de Santiago e elaboración de diferentes produtos

2ª Avaliación:

Unidade didáctica	Contidos	Descrición
2	Historia e xeografía no Camiño de Santiago	Coñecemento da historia e da xeografía ao longo do Camiño de Santiago e elaboración de diferentes produtos.

3ª Avaliación:

Unidade didáctica	Contidos	Descrición
3	Cultura e literatura no Camiño de Santiago	Coñecemento da cultura e da literatura ao longo do Camiño de Santiago e elaboración de diferentes produtos

Materiais e recursos didácticos:

Ordenador.

Material para montar exposicións: papel continuo, cartolinas e demais material funxible.

Xogos de cartas do Camiño de Santiago.

Guías de seres vivos: plantas, animais, fungos, etc....

Libros de texto de Xeografía e Historia, Bioloxía e Xeoloxía / libros de literatura galega.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Parte das sesións serán levadas a cabo na aula de informática onde os grupos buscarán a información correspondente e comezarán a redactar as súas propostas.

Os materiais e recursos empregados serán variados atendendo á diversidade do alumnado e aos seus intereses e destrezas.


Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD / Tipo ins.	45	35	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

A cualificación final da materia obteríase a partir dos resultados das tres avaliacións, e calcularíase mediante a expresión matemática seguinte:

$$\text{Avaliación final ordinaria} = (45 \times \text{nota da 1ªaval} + 35 \times \text{Nota da 2ª aval} + 20 \times \text{Nota da 3ªaval}) / 100$$

No cálculo das cualificacións das distintas avaliacións, cando o resultado non sexa un número enteiro, redondearase ao enteiro superior, se a parte decimal é igual ou superior a 0,5 ou ao enteiro inferior se a parte decimal é menor de 0,5.

Criterios de recuperación:

Ao longo do curso, o profesorado establecerá o procedemento para poder recuperar partes da materia non superadas o remate de cada avaliación. Dita recuperación consistirá na realización por parte do alumnado dunha serie de tarefas encamiñadas a recuperar as partes non superadas .

A nota final de xuño calcularase facendo media ponderada coas notas de cada avaliación, ou se é o caso, coa nota obtida despois de realizadas as recuperacións correspondentes. Considerarase aprobada a materia se a nota media das 3 avaliacións é maior ou igual que 5 puntos sobre 10.

Cando un alumno/a teña 1, 2 ou 3 avaliacións con cualificación inferior a 5 puntos, poderá realizar diferentes actividades de recuperación antes do día 20 de xuño, baseadas nos mínimos de consecución das unidades asociadas a esas avaliacións.

Se a cualificación final é igual ou superior a 5 puntos sobre 10, consideraranse as avaliacións correspondentes aprobadas, e polo tanto, a materia aprobada. En caso contrario, se a/o alumna/o obtivese unha cualificación inferior a 5 puntos sobre 10, considerase a materia suspena.